



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### TEO

*Alleamento, mediante compravenda, de bens integrantes do Patrimonio municipal do solo e bens patrimoniais por procedemento de poxa*

#### ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldesa acctal., do 7 de decembro de 2022, aprobouse o expediente e o prego de condicións para o alleamento, mediante compravenda, de bens integrantes do Patrimonio municipal do solo e bens patrimoniais por procedemento de poxa (en adiante, PC), segundo se detalla a continuación:

#### 1. ENTIDADE ADXUDICATARIA

- a) Organismo: Concello de Teo
- b) Dependencia: Secretaría, onde poderá obter copia do Prego de condicións e demais documentación que compón o expediente

#### 2. OBXETO DO CONTRATO

Alleamento, mediante compravenda, por procedemento de poxa, das parcelas integrantes do Patrimonio municipal do solo, procedentes da xestión urbanística, e das parcelas patrimoniais, non integradas no citado patrimonio, que, distribuídas en lotes, se recollen no apartado 4 deste anuncio.

As parcelas que integran os lotes 13 e 14 non forma parte do Patrimonio municipal do solo do Concello de Teo e polo tanto o seu alleamento non queda sometido ás limitacións que para este tipo de solo establece a lexislación vixente.

#### 3. TRAMITACIÓN E FORMA DE ALLEAMENTO

- a) Tramitación: ordinaria
- b) Forma: poxa

#### 4. IMPORTE DE LICITACIÓN

O importe de licitación ascende á contía establecida a continuación para cada un dos lotes incluídos no procedemento. Dito importe establécese en función da valoración realizada das fincas rexistradas polos servizos técnicos municipais do departamento de urbanismo e non inclúe os impostos que graven a transmisión. Ao devandito prezo engadiráselle o IVE aplicable no momento da adxudicación, que deberá satisfacer a persoa adxudicataria como cantidade adicional á súa oferta.

O prazo de vixencia das ofertas será de catro meses dende a data de apertura das ofertas económicas.

LOTES	VALORACION (SEN IVE)
LOTE 1. PARCELAS Nº 00 e 01 DO POLÍGONO SAU 4 DE CACHEIRAS	92.543,52 €
LOTE 2. PARCELAS Nº 02 e 03 DO POLÍGONO SAU 4 DE CACHEIRAS	61.629,15 €
LOTE 3. PARCELAS Nº 04 e 05 DO POLÍGONO SAU 4 DE CACHEIRAS	61.711,02 €
LOTE 4. PARCELAS Nº 06 e 07 DO POLÍGONO SAU 4 DE CACHEIRAS	63.635,01 €
LOTE 5. PARCELA Nº 08 DO POLÍGONO SAU 4 DE CACHEIRAS	58.852,82 €
LOTE 6. PARCELA Nº 09 DO POLÍGONO SAU 4 DE CACHEIRAS	46.966,00 €
LOTE 7. PARCELAS Nº 10 e 11 DO POLÍGONO SAU 4 DE CACHEIRAS	65.589,82 €
LOTE 8. PARCELAS Nº 12 E 13 DO POLÍGONO SAU 4 DE CACHEIRAS	66.790,00 €
LOTE 9. PARCELAS Nº 14 E 15 DO POLÍGONO SAU 4 DE CACHEIRAS	65.360,48 €

LOTES	VALORACION (SEN IVE)
LOTE 10. PARCELA Nº 16 DO POLÍGONO SAU 4 DE CACHEIRAS	58.216,15 €
LOTE 11. PARCELA Nº 85 DA URBANIZACIÓN "PEGO-PORTOMEIRO", PARROQUIA DE OZA	54.802,25 €
LOTE 12. PARCELA Nº 84 DA URBANIZACIÓN "PEGO-PORTOMEIRO", PARROQUIA DE OZA	54.802,25 €
LOTE 13. PARCELA Nº 1288-1 DO PLANO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN XOAN DE CALO	46.777,50 €
LOTE 14. PARCELA Nº 243-1 DO PLANO DE CONCENTRACION PARCELARIA DE CACHEIRAS-RECESENDE	41.718,60 €

## 5. GARANTÍA

De conformidade co artigo 137.6 da LPAP esíxese unha garantía do 5% do prezo de licitación, sen IVE, do lote para o que se presenta oferta na poxa. No caso de presentarse oferta a varios lotes, presentarase unha única garantía polo valor do 5% daquela que teña o prezo de licitación sen IVE máis alto. Se posteriormente se prevé a adxudicación de varias parcelas a unha mesma persoa, con carácter previo á adxudicación definitiva ingresarase unha garantía por cada lote que se lle vaia a adxudicar.

## 6. OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN

- Entidade: Concello de Teo
- Domicilio: Travesía da Ramallosa nº 38, CP 15883
- Teléfono: 981815700
- Enderezo de correo electrónico: [poxaparcels@teo.gal](mailto:poxaparcels@teo.gal)
- Web municipal: [www.teo.gal](http://www.teo.gal)

## 7. REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA

Os establecidos na cláusula 7 do Prego de condicións

## 8. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

a) Presentación de proposicións: as proposicións deberán ser presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Teo, en horario de 9 a 14, ou en calquera outro Rexistro admitido polo artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O prazo de presentación será de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia. Calquera oferta que se presente fóra deste prazo quedará excluída da poxa.

Se o último día do prazo coincidise en sábado ou inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. Unha vez remitida ou entregada unha proposición non poderá ser retirada salvo causa debidamente xustificada.

Cando a proposición se presente nun Rexistro diferente ao do Concello de Teo, haberá de comunicarse a este a presentación da mesma por correo electrónico ([poxaparcels@teo.gal](mailto:poxaparcels@teo.gal)), achegando o xustificante de tela presentado en prazo, a efectos de permitir un control das ofertas presentadas e recibidas no Concello de Teo. Cando as proposicións se envíen por correo, a persoa licitadora deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta por correo electrónico ([poxaparcels@teo.gal](mailto:poxaparcels@teo.gal)). Sen cumprir tales requisitos non será admitida a proposición no caso de que se recibira con posterioridade á data e hora de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. Porén, transcorridos 10 días naturais seguintes ao da terminación do prazo de presentación, sen terse recibido a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

- Documentación a presentar: a determinada na cláusula 7.2 do Prego de condicións

## 9. APERTURA DAS OFERTAS ECONÓMICAS

O acto de apertura das ofertas económicas (sobre 2) terá lugar na Casa do Concello, será público e realizarase dentro dos 30 días seguintes ao do remate do prazo de presentación de proposicións. O día e a hora da súa celebración faranse públicos na web municipal e no perfil do contratante, cunha antelación mínima de cinco días hábiles ao da súa celebración.

## 10. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

- Criterios de adxudicación.

A adxudicación de cada lote efectuarase a favor da persoa licitadora que ofrecera o prezo máis alto. A oferta realizarase á alza sobre o prezo de licitación expresada cun máximo de dous decimais sen IVE (cl. 8 PC)

b) Criterios de desempate.

En caso de empate no importe máximo ofertado para un lote entre dúas ou máis persoas licitadoras, a adxudicación recaerá sobre a oferta que se presentara primeiro, atendendo á data e hora de entrada no Rexistro xeral do Concello de Teo.

#### **11. GASTOS DE FORMALIZACIÓN E TRIBUTOS**

Os gastos que se orixinen como consecuencia da adxudicación do presente procedemento, así como os gastos notariais e rexistrais, e, en xeral, cantos deriven da completa regularización da nova situación xurídica, serán de conta da persoa adxudicataria, quen queda así mesmo obrigada ao pago dos tributos que graven os terreos a partir da data de adxudicación.

Serán de conta da persoa adxudicataria os gastos xudiciais e extraxudiciais a que dea lugar o incumprimento pola súa banda das condicións contidas no Prego de condicións co carácter de condicións resolutorias da venda, incluídas as costas e honorarios de avogado e procurador.

Teo, 7 de decembro de 2022

A alcaldesa acctal.

María López Vázquez

2022/7800